

## MÚSICA E ESPAZOS

As actividades do Grupo de Creación Musical teñen no mes de maio un punto álxido coa presentación en concerto do traballo realizado na Sección Vocal e na Sección Electroacústica. Desde hai tres anos esta presentación tomou un novo formato, primeiro co nome de Arte Son e desde 2009 co nome de Sons Creativos. Esta iniciativa parte da idea de facer un intercambio universitario cos traballos que facemos, invitando outros colectivos de música contemporánea a visitarnos, e a partir disto a posibilidade de amosar tamén o noso traballo noutros foros universitarios. Pero Sons Creativos non só quere facer posible este intercambio entre universitarios, senón que tamén está aberto á interacción creativa con compositores e creadores do mundo da música contemporánea nas súas vertentes máis abertas e de vangardas do presente musical. Como afirmamos en reiteradas ocasións interésannos as propostas musicais que parten de postulados abertos ás tecnoloxías, como a música electroacústica, a paisaxe sonora, pero tamén as outras formas de facer onde a improvisación toma corpo conformando a propia creación, como o mundo da performance sonora, ... Para isto estableceron algúns parámetros que teñen xa a súa propia historia dentro da nosa maneira de facer, como é o caso de dedicar cada ano o noso traballo a compositores ou investigadores/pedagogos do mundo da música coa idea de que os alumnos coñezan estes creadores e dar un contido máis académico aos cursos que programamos. Dedicamos os nosos traballos a personalidades xa históricas como Pierre Shaeffer, Luc Ferrari, pero tamén a personalidades activas como o investigador do GRM François Delalande ou compositores actuais como Llorenç Barber, Fátima Miranda, Bartolomé Ferrando, ... Este ano dedicamos o noso traballo a dúas personalidades que desde hai anos son unha unidade no mundo da creación, a artista Concha Jérez, profesora da Facultad de Bellas Artes de Salamanca e ao compositor José Íges quen dirixiu ata hai dous anos o programa, histórico no noso país, *Ars Sonora* de Radio Clásica, programa obrigado para estar ao corrente das últimas maneiras de facer. O noso interese era tamén traer estes compositores no espazo de Sons Creativos para establecer unha relación

máis extensa que a propia asistencia a un concerto, o que de por si é xa un obxectivo para nosoutros.

No programa que presentamos baixo o tema *Música e Espazos* quixemos recoller un abanico de propostas nas que o eixe común é a relación entre a música e os espazos. Tema amplísimo que dá cabida a moitas propostas. Queremos sinalar, porén, a importancia e actualidade deste tema, pois se ben todos sabemos que a música e o espazo, entendendo este como espazo construído, teñen unha relación substancial desde a orixe da música. Desenvolveu desde o século XX unha relación moi creativa ao entenderse, por parte de moitos músicos, que a arte da música, non só tiña que facerse nun espazo construído ou seleccionado pola súa acústica, senón que esta, ou mellor dito as músicas podíanse construír cos espazos, tanto foran arquitectónicos, urbanos ou naturais, e que as propias sonoridades dos lugares podían ser e son materia da creación musical. A nova visión do mundo que se vai facendo oco no pensamento actual na que o home non domina a natureza senón que forma parte dela e onde a preocupación polo noso contorno é cada día más relevante, teñen unha lectura artística e os propios artistas ilústrannos estes novos pensamentos desde a creación estética.

Os 2º Sons Creativos presentan, por un lado, o traballo dos alumnos dirixidos por profesores como unha liña que presentamos. Algúns destes traballos foron realizados baixo a dirección de compositores de prestixio, como o caso de José Luís Carles e a arquitecta Cristina Palmese que desenvolveu un traballo a partir de propostas sonoras visuais dos alumnos/as do campus de Lugo. Outros como Pilar Cabeza, pedagoga musical dedicada plenamente, desde varias décadas, á difusión e actualización da Pedagogía de Creación, -chamada tamén das condutas musicais e que ten na súa orixe a propia creación sonora desde os postulados que indicamos anteriormente-, quen nos presenta un traballo de creación sonora realizado cos alumnos/as da Universidade de Valladolid (Campus de Palencia). Por outro banda, invita a compositores como Llorenç Barber, Montserrat Palacio, José Íges e Concha Jerez a participaren coas súas propostas creativas, dándonos outras visións das posibles relacións

da música e os espazos, desde o mundo do conceptual e as propostas performísticas. En terceiro lugar, abrimos estas posibilidades a outras lecturas como a relación da música e a realidade virtual que presentará Arturo Vaquero nunha charla conferencia sobre a composición e dirección da banda sonora da película *O Apóstolo*. Música orixinal encargada ao músico norteamericano Philips Glass. En cuarto lugar, presentamos a exposición sobre o libro de autor *Páginas Seltas/ Páges Volantes* de Olga Mignot-Verme, gravados, Violeta Barrientos poemas e Inmaculada Cárdenas, música. Llorenç Barber presentará en Lugo o libro. *La mosca detrás de la oreja* editado pola Fundación Autor, libro que cambia a visión da música española desde os anos cincuenta do século XX e que dá cabida a todas as propostas situadas fóra do convencional, este libro foi realizado en colaboración con Montserrat Palacios. E, por último, unha mesa redonda sobre o tema Música e Espazos completará esta proposta sobre música e espazos do Grupo de Creación Musical en maio de 2010

Estas actividades teñen solicitado para os alumnos da Escola Universitaria de Formación de Profesorado (Lugo), 1 crédito de libre configuración.

<b>13 de maio de 17:00 a 20:00 h</b>
<b>Lugar: Praza Maior</b>

**Árbores sonoras: obras do GCMUS, do CD *Música e “entorno”*** Pequeñas intervencións sonoras no espazo público da Praza Maior de Lugo. Utilizamos creativamente as árbores da Praza Maior, convertémolas en “árbores sonoras” con propostas musicais do GCMUS para chamar a atención do paseante, dándolle á árbore física unha nova identidade: a de soar. Esta imaxinativa forma de gozar dos espazos públicos da cidade reúnenos ao seu redor como cidadáns oíntes, nun espazo cotiá, aberto aos sentidos para escoitar e gozar da contorna dunha nova forma. Unha nova lectura do noso discorrer de paseantes, interferindo, recreando, animándoo a comentar, a escoitar de forma diferente unha proposta distinta do noso espazo público.

**Intervención sonora do GCMUS: Praza Maior *Espazos da voz de Mónica Álvarez (Sección Vocal)***

Peza composta de tres partes A B A´ na que aparecen diferentes manifestacións sonoras obtidas como resultado dunha investigación consciente do aparato vocal. Na **primeira parte**, comézase cun xogo vocal melódico entrelazando as diferentes cores da caixa de resonancia e o seu timbre. A comunicación encamiña a variar eses motivos de forma improvisada converténdose en diálogos espaciais. Nunha **segunda parte**, un bordón como colchón sonoro acompañará unha dimensión de xogo máis alá do harmónico convertendo ao arco da vella do son en algo máis ca iso nunha dimensión resoadora, harmónica e multilingüe. A **terceira parte**, retoma os motivos iniciais da obra reproducidos por medio de palabras-obxectos mediante os cales a voz recobra outra perspectiva sonora abrindo o abano da nosa imaxinación e transportándonos a eses lugares ou obxectos en contacto coa nosa voz. A obra en si pretende mostrar un anaco do traballo realizado na aula de música da Escola Universitaria de Formación de Profesorado de Lugo, enfocado este ano á investigación dos espazos e a música. A sección vocal optou, outra vez por empregar a única caixa de resonancia que posúe a nosa voz e xogar con ela mediante imaxes e palabras accesibles á imaxinación de cada alumno. Coa esperanza de que a dos oíntes/espectadores flúa coa suficiente liberdade para atopar o sentido xeral que pretendemos transmitir.

**Sons Imaxinarios (Obra en formato circular para 8 intérpretes) de Arturo Vaquero (Sección Electroacústica)?**

As pezas que este ano presenta o laboratorio de música electroacústica do GCMUS son o resultado de todo o traballo dun curso. Cada peza leva detrás moitas horas de teoría e práctica e experimentación por parte dos alumnos, non só no manexo dos programas informáticos e das súas ferramentas, senón tamén no establecido e composición cara a música electroacústica e experimental.

**1 Jessica Cancela Cendán, Vanessa Capón Fernández, Patricia Carballal Lence, Mª Dolores Castro Fernández, Helena E. Del Valle Mourenza, Katia Goyos Alonso, Erea López García, Ainhoa López Santamarina, María Núñez Chao, Jorge Pombo Iglesias, Mónica Requeijo Carballal**

**2 Elena Anido Cruz, Davinia Cal Álvarez, Sara García Gómez, Thais Meilán Jácome, Ofelia Novo Fernández, Jorge Pombo Iglesias, Alba Rodríguez Delgado, Mª Olaya Rodríguez López, Paula Cristina Sánchez Novo**

*Sons Imaxinarios* está composta de 4 partes: 1 *Caixa harmónica.* Amósanos a base dunha nota musical dividida en todos os seus harmónicos ou frecuencias de son da que está composta sempre dende unha óptica moito máis experimental. O resultado da suma caótica de moitos destes podemos chegar a escoitar melodías perfectamente harmonizadas. 2 *Salto no tempo.* As persoas sempre estivemos e estamos falando da posibilidade de viaxar no tempo. Esta peza expresa o que escoitaríamos no suposto que puidésemos viaxar rapidamente dentro dunhas obras de música clásica, do segundo 1a ao 10?, do 34 ao 50? O resultado deste salto no tempo é unha nova peza musical divertida, ás veces caótica, celestial. E o poder transforma, recicla o son dunha canción clásica noutros conceptos sonoros. 3 *O mundo virtual.* A chegada das novas tecnoloxías dános a posibilidade de poder ter case calquera instrumento dentro do noso ordenador persoal, cos chamados sintetizadores virtuais podemos ter unha paleta sonora inimaxinable de sons dixitais e poder crealos e modificalos ao noso antollo. Esta “parte III” amósanos 8 sons que van ser modificados pouco a pouco para crear unhas texturas imaxinarias imposibles de poder escoitar na natureza ou con instrumentos acústicos tradicionais. 4 *Desenchufados.* A sección electrónica desenchufa as súas máquinas para mergullarse nos inicios da música, cunha peza conxunta entre a sección vocal e a electrónica, a nosa ache-ga será poñer ritmos feitos con tubos recortados e afinados por nós mesmos para intentar emular as madeiras que puideron utilizar os nosos antepasados nos comezos da música.

<b>14 de maio de 10:00 a 13:00 h</b>
<b>Lugar: Salón de actos da Escola Univ. de Formación de Profesorado</b>

**Encontro con Arturo Vaquero *Música e Espazos virtuais***

**Presentación do libro *Páxinas Soltas/Pages Volantes*** de Olga Mignot-Verme (gravados), Violeta Barrientos (poemas) e Inmaculada Cárdenas (música)

**Olga Mignot-Verme (Lima, 1950).** Descubrín a pintura e as diferentes técnicas do gravado nos anos oitenta, realicei varias exposicións de gravados en París, Lima e en Bretaña. O interesante desta creación é a riqueza das técnicas e as diferentes etapas na

realización, o que permite a busca de formas e efectos orixinais. Os meus temas son as paisaxes, os personaxes e bodegóns nos cales trato de expresar o tempo que pasa e as emocións.

Os poemas escollidos en Páxinas Soltas fálannos da vida, a vida como un exilio permanente, vida como movemento, como busca. É por isto, que os gravados e as cores escollidos expresan a evolución deses cambios: da vida cara á morte, do branco cara ao marrón da terra nas gofraxes, a ausencia e o inmaterial que hai na vida.

**Violeta Barrientos (Lima, 1963).** Doutora en Literatura pola Universidade de París 8, fixo investigacións sobre a presentación do corpo na poesía peruana contemporánea. Traballou no ámbito dos dereitos humanos e dereitos da muller e *Igbt*. É autora de *Elixir, El innombrable cuerpo del deseo, El jardín de las delicias, Tragic/Comic* e *Cosas sin nombre*, entre outros traballos de poesía.

Os poemas de *Páginas sueltas* son unha selección do libro *Cosas sin nombre*, publicado en Bos Aires en 2008. O mundo é un magma que toma forma ao momento de dicirse, de nomearse. A realidade humana é aquela “nomeada”. O tempo, a historia, son creacións, esculturas dese magma. A vida humana e tamén unha edición, un momento de todo aquel tempo universal que non ten nin inicio nin fin e que transcorre máis alá do noso soño ou vixilia nun sinfin de probabilidades. A vida individual é unha creación que non debería ter fronteiras e a sociedade, un lugar onde algúns seres teñen nome e existen, mentres outros son cifras non recollidas nun balance nacional.

**Inmaculada Cárdenas (Cádiz, 1952).** Profesora e compositora dirixe o GCMUS desde a súa creación hai 12 anos. Como tal estreou en concerto e publicou obras que foron programadas tamén en foros nacionais e internacionais. As súas obras poden visitarse en *You Tube* e no *net label alg-a* en onde hai colgada unha biografía completa da súa traxectoria.

A obra electroacústica *Páxinas soltas/Pages volantes* é unha obra pensada para formar parte dun libro de autor do mesmo nome con gravados de Olga Mignot e poemas de Violeta Barrientos. Tratábase de pensar unha música que estivera en relación cos gravados e

os poemas destas dúas artistas. Creo que a nosa proposta deixa voar a imaxinación a través de ambas e aínda é difícil escoitar, ver e ler ao mesmo tempo tres propostas que requiren a túa atención, non se trataría de practicar a simultaneidade senón de ter abertas as tres posibilidades. Esta obra de 5´ e duración cabalga entre os contrastes de fóra/dentro, de frío/calor, de inverno/verán xogando con sons naturais, gravados para a ocasión. Estes sons ambiente espárcense no tempo e son maquetados a partir do son da auga. Este son foi traballado con diferentes filtros e dá lugar a tres espazos sonoros que constrúen a obra desde a percusión, a un “vals” con ribetes de añoranza.

**Colabora Compañía de teatro da USC** Proxección, lectura e audición dos gravados, poemas e música do libro *Páxinas soltas/Pages volantes* a cargo da Cía teatro – Lugo (USC).

<b>14 de maio ás 20:00 h</b>
<b>Lugar: Salón Rexio do Círculo das artes</b>

**Concerto “Música e Espazos” de intercambio universitario Universidade de Valladolid – Campus Palencia (UVA)**
**Pilar Cabeza Rodríguez.** Coordinadora do Proxecto, profesora titular da Escola de Educación de Palencia – Universidade de Valladolid-co-autora de “Trans-fusión sin océano” e “Gusto de Luna”.

*Trans-fusión sin océano.* Obra electroacústica, duración 3´. A obra ten como referente a reconstrución da paisaxe sonora dun taller artesanal de fabricación de pelotas de *ping pong* en Bos Aires dos anos 70. Trala recuperación do contorno evocado, a obra xurde como abstracción musical.

*Gusto de luna.* Obra electroacústica, duración 3´. Obra de inspiración infantil, parte dun conto real cunha gran carga imaxinaria. A música narra o conto nunha linguaxe contemporánea, ao mesmo tempo que serve de exemplo de creación sonora para a aula. A elaboración electroacústica do material sonoro xoga con bases minimalistas cun resultado que fluctúa entre o sucesivo ao simultáneo.

**Elena Hidalgo Sánchez.** Profesora asociada da Escola de Educación de Palencia-UVA, autora da obra “Destino: inter-railles sonoros vía 2.4”. Técnica de son do grupo e co-autora na creación das obras.

*Destino: inter-railles sonoros vía 2.4.* Obra electroacústica, duración 3´. A obra musical electroacústica titulada “Destino: inter-railles sonoros vía 2.4”, é un proxecto levado a cabo mediante a relación da especialidade de educación Primaria con alumnas do Colexio de Valladolid “María Inmaculada Concepción”, cuxas idades están comprendidas entre os 9 e 10 anos. A composición musical é o resultado dunha improvisación por grupos explorando as posibilidades sonoras de orixe instrumental, corporal e vocal. O elemento que articula a composición e que ao mesmo tempo serve de base e guía para a improvisación, é unha paisaxe sonora relacionada co mundo do ferrocarril que contén ademais sons transformados.

**Colaboran: Luís Miguel Hierro Martínez.** Documentalista e co-autor da obra “Trans-fusión sin océano”.
**Sonia Estévez Tarilonte.** Estudante e co-autora da obra “Gusto da luna”.
**Mª Victoria Estrada Torres.** Estudante e co-autora da obra “Trans-fusión sin océano”.

**Efraím Díaz Vázquez.** Alumno do curso Monográfico Música e Espazos (USC). É Titulado Superior na Especialidade polo Conservatorio Superior de Música da Coruña, onde conseguiu, no seu concerto Fin de Carreira, a cualificación de matrícula de honra. Durante o ano 2008 obtivo unha bolsa da Fundación Caixa Galicia “Bolsa para a primeira obra 2008”. Froito desta, editou o seu primeiro CD como percusionista solista en solitario; “Viaje por Kallakía”. É profesor de percusión do Conservatorio “Mestre Ibáñez” de Monforte de Lemos e músico solista de percusión por oposición na Banda Municipal de Música de Lugo.

Os acontecementos do 11S na cidade de Nova York marcaron o inicio do século XXI, case sen dúbidalo todos nós saberíamos dicir que facíamos e/ou onde estabamos ese fatídico día. Froito deste impacto, que durante anos estivo presente na miña mente, a visualización de documentais sobre o

acontecemento e o libro de Bruno Cardeñoso “11S Historia de una infamia”, xurdiu a idea desta obra. Dentro ou fóra da polémica sobre se estes acontecementos foron autoinfrinxidos ou realmente atentados, é innegable que ese día cambiou a historia da nosa civilización. A través da obra viáxase pola historia das Torres Xemelgas. Para compoñer a parte sonora usei as mostras sonoras que pertencen ás mesmas torres, paisaxes sonoras, tanto do 11S como anteriores ou posteriores, mesturados con sons tamén pregravados. A montaxe audiovisual foi realizado plenamente por min a través de materiais obtidos por medio de internet.

Universidad Autónoma de Madrid (UAM)

**José Luis Carles Arribas.** Compositor e ecólogo. Doutor en Ciencias Biolóxicas. Máis de 100 publicacións especializadas e comunicacións en congresos nacionais e internacionais. Recibiu premios e bolsas (Bolsa de Investigación da Fundación César Manrique 2002: Premio Fundación Bancaixa a Proxectos de Investigación sobre Medio Ambiente). Encargos musicais de Centros españois e estranxeiros (LIEM- CDMC, Festival de Alacant, Festival de Outono, GMEB de Bourges (Francia), etc. Primeiro premio do 33, concurso Internacional de Música Electroacústica de Bourges 2006, autor de Bandas sonoras para cine. Coordinador dos Encuentros Iberoamericanos sobre Paisajes Sonoros (Auditorio Nacional. Xuño 2007 e xuño 2008. Autor do libro de artista Paisajes Sonoros de Madrid, encargo do Museo Municipal de arte contemporánea. Director do proxecto “Construción e representación del paisaje sonoro de la Sierra del Guadarrama”. Produción audiovisual Comunidade de Madrid 2007. Profesor no Departamento de Música da Universidade Autónoma de Madrid e colaborador de Radio Clásica-RNE onde realiza e presenta desde o ano 2002 programas sobre Paisajes Sonoros.

**Cristina Palmese.** Natural de Domicella (Italia) 1964, licenciada en Arquitectura (Facultade de Arquitectura da Universidade Federico II de Nápoles), Proxecto fin de carreira sobre Espazo para a música (Un muro a Lauro: la ricerca del silenzio). Especializada en proxectos urbanos pola Universidade de Nápoles. Estancias de especialización nas Escolas Técnicas de Arquitectura de Graz (Bolsa Erasmus) e de Grenoble. Bolsa de Investigación César Manrique

de la Fundación César Manrique 2002. Proxectos de Arquitectura e urbanismo. Experta en Reestruturación e rehabilitación urbana e arquitectónica: Restauración da zona histórica de Lauro (Italia), rehabilitación de edificios e casas rurais. Autora de escenografías, vídeo-instalacións e instalacións audiovisuais en galerías de arte, concertos e festivais (Festival de Bourges, Galería de arte FUNDACIÓN ECOVI, ETSAM...). Profesora en cursos sobre música e arquitectura. Relatora en congresos: Encuentro Iberoamericano sobre paisajes sonoros (Madrid 2007, 2008, 2009), EURAU Paisaje Cultural (2008), Faire un ambience (Grenoble 2008), WFAE-Foro Mundial sobre Ecología Acústica (Ciudad de México 2009), etc., Publicacións especializadas sobre: Música e arquitectura, Paisaxe Sonora interacción audiovisual (Revista Scherzo, Centro Virtual Cervantes, Instituto Cervantes, Área de las Artes Ayuntamiento de Madrid...)

*Son-urbis.* Obra realizada en colaboración cos alumnos da Escola Univ. de Formación de Profesorado (Lugo)<sup>3</sup>, duración

<sup>3</sup> Belén Agrad Crespo, Leila Alberte Miguélez, Marta Aldao Placer, Cristian Aldariz Miraz, Jenniffer Álvarez Fernández, Miriam Alvarino Gabeiras, Elena Anido Cruz, Cloy M<sup>a</sup> Blanco Morandeira, Laura Blanco Varela, Eva Boado Porto, Eva, Victoria Bravo Fraiz, Davinia Cal Álvarez, María Calvelo Iglesias, Vanessa Capón Fernández, Paula Carballo Leira, Carmen Castela Cora, Iria Cereijo López, Lucía Conde Lorenzo, Ana Correa Pardo, Liliana Cruz Campos, Xúia Cuba Veiga, Andrea Chao Montouto, Thais Chao Prieto, Efraim Díaz Vázquez, Cristina Domínguez Vila, Eva Fernández Castro, Lydia Fernández García, Noemí Fernández Pedraza, Belén Fernández Rodríguez, Sara García Gómez, Sandra García Mel, Noelia García Mon, Alba García Vázquez, Belén Golás Armesto, Katia Goyos Alonso, Alejandra Hermida Campo, Katia Lado Formoso, Leticia Lago Estévez, Yolanda Lamas España, Alba López Alonso, Erea López García, Vanesa López Muñiz, Ainhoa López Santamarina, Susana López Silva, M<sup>a</sup> Elena López Vila, Marta Loureiro Rey, Soraya Mariño Campos, Iria Martínez Díaz, Jorge Martínez Pérez, Thais Meilán Jácome, Cristina Muñoz Rodríguez, Ofelia Novo Fernández, Belén Núñez Castro, María Núñez Chao, Lucía Ónega Castro, Sandra Pais Gómez, Elena Pensado Paz, Cristina Pereira López, Andrea Pérez Fuentes, Sabela Pico Lombán, Martina Ramos Rivas, Iria Rey Fraga, Rocío Rivas Campo, Alba Rodríguez Delgado, Pilar Rodríguez González, M<sup>a</sup> Olaya Rodríguez López, Berta Rodríguez Padorno, M<sup>a</sup> Isabel Rodríguez Torres, Inmaculada Rouco Ramos, Marta Sández Callejo, Cristina Seijas Sanfiz, Leticia Tizón López, Erika Tojeiro Guimarey, Noelia Valladares López, Sandra Veiga Martínez, Alba Vidal Trashorras, Lorena Vilaboa Vázquez

15'. Composición audiovisual realizada coa técnica da colaxe utilizando como base os materiais sonoros e visuais elaborados polos alumnos do taller “Sons de Lugo”. Con isto, trátase de recrear a percepción múltiple e transversal da cidade coas súas discontinuidades e xustaposicións tecendo unha cidade a partir dos retallos destas, percibidas polos diversos participantes. Trátase, por tanto, dunha cidade transversal calidoscópica na que se mesturan as percepciones, recordos, imaxes, sons e expectativas, nun novo percorrido que é a reconstrución de diferentes percorridos e de diferentes usuarios da cidade.

**Mónica Álvarez,** GCMUS da USC. Diplomada en EXB. Estuda canto lírico no Conservatorio, ampliando os seus coñecementos co canto difónico co profesor Tomás Clement. Na actualidade realiza concertos e dedica unha parte do seu tempo á composición vocal. Dende os seus inicios forma parte do Grupo de Creación Musical da USC (GCMUS).

*Ecos do arco da vella. Obra para grupo de voces mixtas. Duración aprox. 4'* Xogando co arco da vella do son composto polos harmónicos, xurdiu esta pequena peza vocal na aula de ensaio da sección vocal do GCMUS. Está composta por unha progresión harmónica que vai dende o son nasalizado aberto e son nasalizado pechado ata o son en proxección harmónica (canto difónico). Neste momento da peza onde predomina un motivo melódico cos harmónicos do bordón executado, xorden ecos vocais improvisados por cada membro do grupo. Foi unha experiencia moi interesante para o grupo xa que a discriminación sonora á hora de percibir esa melodía harmónica enriqueceu a capacidade auditiva de cada un, sendo capaces de reproducir coa súa propia voz notas que xorden dos harmónicos, o que produce un resultado sonoro moi gratificante para os nosos oídos.

**Arturo Vaquero,** GCMUS da USC. Músico autodidacta, especializado en técnicas musicais por ordenador. Compositor de bandas sonoras, comenza a súa andadura desde as músicas urbanas, internándose posteriormente na música electroacústica e outros conceptos de vangarda. É membro do Grupo de Creación Musical da USC (GCMUS).

*Sons Imaxinarios,* versión reducida para concerto electroacústico. As pezas que este ano presenta o laboratorio de música electroacústica do GCMUS son o resultado de todo o traballo dun curso. Cada peza leva detrás moitas horas de teoría e práctica e experimentación por parte dos alumnos, non só no manexo dos programas informáticos e das súas ferramentas, senón tamén no establecido e composición cara a música electroacústica e experimental.

**Inmaculada Cárdenas,** GCMUS da USC. Profesora e compositora dirixe o GCMUS desde a súa creación hai 12 anos. Como tal estreou en concerto e publicou obras que foron programadas tamén en foros nacionais e internacionais. As súas obras poden visitarse en *You Tube* e no *net label alg-a* en onde hai colgada unha biografía completa da súa traxectoria.

*Páxinas Soltas/Pages volantes.* Duración 5'. É unha obra pensada para formar parte dun libro de autor do mesmo nome con gravados de Olga Mignot e poemas de Violeta Barrientos. Trátase de pensar unha música que estivera en relación cos gravados e os poemas destas dúas artistas. Creo que a nosa proposta deixa voar a imaxinación a través de ambas e aínda é difícil escoitar, ver e ler ao mesmo tempo tres propostas que requiren a túa atención, non se trataría de practicar a simultaneidade senón de ter abertas as tres posibilidades. Esta obra cabalga entre os contrastes de fóra/dentro, de frío/calor, de inverno/verán xogando con sons naturais, gravados para a ocasión. Estes sons ambiente espárcense no tempo e son maquetados a partir do son da auga. Este son foi traballado con diferentes filtros e dá lugar a tres espazos sonoros que constrúen a obra desde a percusión, a un “vals” con ribetes de añoranza.

**15 de maio de 10:00 a 14:00 h**  
**Lugar: Museo Provincial de Lugo**

**Mesa redonda: Música e espazos.**

Moderada: M. Inmaculada Cárdenas. Intervenien: José Íges, Concha Jerez, José Luis Carles, Cristina Palmese, Pilar Cabeza, Mónica Álvarez e Arturo Vaquero.

**Fragmentos de diario.**

Intervención sonora a cargo de José Íges e Concha Jerez.

**José Íges** (Madrid, 1951) <http://joseiges.com>  
Compositor e artista sonoro e Intermedia.

En 1989 comeza a súa colaboración coa artista Concha Jerez, con quen realizou instalacións sonoras e visuais, performances, concertos Intermedia, obras de arte radiofónica, vídeos, fotomontaxes dixitais e diversa obra gráfica.

Realizou obras para cinta e para soporte dixital, así como obras para solistas acompañados de cinta e/ou electrónica en vivo, obras escénicas, instalacións sonoras e obras de arte radiofónica, algunhas das cales foron concibidas como radioperformances. A súa actividade compositiva está fortemente marcada pola creación radiofónica e por unha dramaturxia do espazo no que a obra se exhibe e desenvolve.

Dirixiu entre 1985 e 2008 en Radio Clásica o programa Ars Sonora. Foi presidente da AMEE (Asociación de Música Electroacústica de España) e coordinador do grupo Ars Acústica da UER (Unión Europea de Radiodifusión) entre 1999 e 2005. Supervisou diversas exposicións sobre a arte sonora e a instalación sonora, dirixiu ciclos de concertos sobre música contemporánea e foi coordinador de eventos, monografías e encontros sobre arte radiofónica. Así mesmo realiza un activo labor en talleres, cursos, conferencias, ensaios e artigos sobre esas materias.

**Concha Jerez,** <http://conchajerez.org>

Nace nas Palmas de Gran Canaria en 1941. Artista Intermedia. Desde 1991 é profesora asociada da Facultad de Bellas Artes da Universidad de Salamanca.

Realiza diversas obras individuais, de forma continuada, desde 1973 ata o momento actual en España, Alemaña, Austria, Francia, Italia, Dinamarca, Suecia, Finlandia, Estados Unidos...

Desde 1976 centra o seu traballo no desenvolvemento do concepto de instalación, como obra in situ, en espazos concretos de grande envergadura -moitas obras con carácter Intermedia-, ampliando desde comezos dos 80 a súa actividade á performance e desde principios dos 90 a concertos Intermedia e á creación de obras de arte radiofónica. Nesta liña realizou obras

de arte radiofónica para emisoras como a RAI, ORF, Radio France, YLE, a ABC de Australia, RNE e a WDR de Colonia.


Entre as súas actividades individuais, caben destacar sesenta e oito instalacións de gran formato (moitas destas instalacións Intermedia nas que se inclúen o vídeo e o son entre outros medios), vinte e catro exposicións individuais e numerosas accións e performances. Xunto a José Íges realizou obras radiofónicas e para internet, performances, concertos e instalacións Intermedia sonoras e visuais.

**Fragmentos de Diario (1997-2010)**

Concha Jerez e José Íges

Os materiais desta instalación proceden do noso concerto Intermedia *O diario de Jonás*, que clausurou o Festival de Alacant de 1997 nun lugar singular: a Cueva de Canelobre. Pero en rigor, os que aquí empregamos xorden das gravacións realizadas para unha obra radiofónica realizada un ano despois por encargo da WDR de Colonia: “Tagebuch/Diario”, que foi seleccionada pola devandita emisora para o Karl-Sczuka-Preis 1998.

Na instalación hexafónica que se expón no fermoso claustro do Museo Provincial de Lugo empregamos unicamente da obra orixinal intervencións da cantante Belma Martín, da percussionista Pilar Subirá e do improvisador con electrónica en vivo Pedro López, vertebrando todo coas corenta frases que enunciaban outros tantos recordos de ambos autores. Convén precisar que esas frases xeraron, por diversas operacións de transferencia, todas as partituras da citada obra.



## 2SONSCREATIVOS

“Música e Espazos”  
adicado a  
José Íges e  
Concha Jerez



G.C.M.U.S.  
Grupo de Creación Musical de Santiago